

Xaneiro 2016

Criterios de valoración de méritos dos apartados 6.1 e 6.3 do Concurso de Traslados apobados e aplicados pola Comisión de Baremación

## Baremación do Concurso de Traslados

### 6.1. PUBLICACIÓNS (ata 8 puntos)

Publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos

xerais do currículo ou coa organización escolar.

Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignaren o

ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, modificado polo Real decreto 2063/2008, do 12 de decembro ou, se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas que o/a autor/a sexa o seu editor/a.

Non se baremarán publicacións que constitúan programacións didácticas, temarios de oposicións, traballos de asignaturas de carreira, mestrado ou doutorado, edicións de centros docentes e de formación do profesorado, publicacións de prensa nin artigos de opinión.

Con carácter xeral valoranse exemplares publicados por unha empresa editorial ou organismos de prestixio que aseguren a aplicación de filtros de calidade.

Unha publicación só será valorada nunha das súas edicións.

Para a valoración destas publicacións deberanse presentar os documentos xustificativos coas **esixencias** que así se indican a continuación:

#### Puntuación específica asignable aos méritos baremables por esta epígrafe

Reseñas e colaboracións en revistas, libros, etc, así como a impresión de folletos, programas, etc.:	
1 autor/a ou colaborador/a	0,025
2 autores/as ou colaboradores/as	0,0125
Mais de 2 autores/as ou colaboradores/as	0,00625
Traducción dunha revista:	
Autor/a	0,1
2 autores/as	0,05
Mais de 2 autores/as	0,025
Traducción ou ilustración dun libro	
1 traductor/a ou ilustrador/a	0,5
2 tradutores/as ou ilustradores/as	0,25
3 tradutores/as ou ilustradores/as	0,166
4 tradutores/as ou ilustradores/as	0,125
5 tradutores/as ou ilustradores/as	0,1
Mais de 5 tradutores/as	0,05
Revistas nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):	
Autor/a	0,2
2 autores/as	0,1
3 ou mais autores/as	0,05
Libros nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):	
Autor/a	1
2 autores/as	0,5
3 autores/as	0,4
4 autores/as	0,3
5 autores/as	0,2
Máis de 5 autores/as	0,1

*Continúa na páxina seguinte*

**-Libros:**

\* Os exemplares orixinais correspondentes ou fotocopia completa con cotexo das páxinas acreditativas da autoría, o depósito legal e o ISBN. Deberán de aportarse as páxinas onde figura a editorial e o índice.

\* Certificado da editorial onde conste: Título do libro, autor/es, ISBN, depósito legal e data primeira edición, o número de exemplares e que a difusión destes foi en librarías comerciais.

En relación cos libros editados por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en librarías comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado deben constar os centros de difusión (Centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.).

Nos supostos en que a editorial ou asociación desaparecen, os datos requiridos neste certificado haberán de xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.

**-Revistas:**

\* Os exemplares orixinais correspondentes ou fotocopia completa do artigo con cotexo das páxinas acreditativas da autoría, o depósito legal e o ISSN ou ISMN. Deberán de aportarse as páxinas onde figura a editorial e o índice.

\* Certificado en que conste: o número de exemplares, lugares de distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, á cal pertence a revista, título da publicación, autor/es, ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición. En relación coas revistas editadas por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en establecementos comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado deben constar os centros de difusión (centros educativos, centros de profesorado, institucións culturais, etc.).

**-Publicacións en formato electrónico:**

Para ser valoradas a copia deberá ir acompañada por un informe no cal o organismo emisor certifique en que base de datos bibliográfica aparece a publicación. Neste documento indicaranse ademais, os seguintes datos: o título da publicación, autor/es e data da publicación.

**Na comisión do concurso de traslados de 2013 tamén se tiveron en conta as seguintes cuestións:**

- Non se aceptan as cartas, só os certificados.
- Non se aceptan as revistas sindicais.
- Non se aceptan programas de radio ou tv.
- Non se aceptan publicacións formato prensa.
- Acéptanse as separatas.
- Acéptanse todas as publicacións nas que colabora ou subvenciona a Consellaría.
- Acéptanse as publicacións de comunicacións e ponencias en congresos como artigos e os resumos destas como reseñas ou colaboracións.
- Acéptanse as edicións críticas como colaboracións.
- As publicacións web da consellaría deben de acompañar o certificado coa base de datos bibliográfica (non o traen).
- As publicacións en formato electrónico deben de indicar a base de datos bibliográfica na que están indexadas (ademais do título, autor/a, ano, URL e exemplar impreso)
- Os certificados das publicacións das universidades deben de emitilos os/as responsables dos servizos de publicacións, non o profesorado.
- Nos congresos debe asinar os certificados o/a responsable da publicación (normalmente son as universidades), non o profesorado universitario
- Os/as autores/as do capítulo dun libro, ilustradores/as (por exemplo de libros infantís) ou coordinadores/as son considerados como un autor/a máis.

A Consellaría non tivo en conta as publicacións editadas polas seguintes empresas editoriais ao entender que non aseguran a aplicación de filtros de calidade:

Edita, Lulu, Bubok, Corintia, Marre, Ediciónpersonal.com, Grafin.org, Libros en la red, Cultivalibros.com, Ediciones KL.com, Tsfl, Ediciones Háblame, Tórculo, Dostex, Aica, Alfer, Perceianadigital.com, Grupo Octogono, Ediped, Procompal, Peter-Lang, E-Ducalia, Meubook, Andavira, Didacta21, Prikmera Persona, Punto rojo libros, Gersan, Novum, Publishing SL, Nou Libres, Galebook, TGD, ECD, Academia Postal, Ideas propias.

## 6.3. MÉRITOS ARTÍSTICOS E LITERARIOS (ata 2,5 puntos)

- Por premios en exposicións ou en concursos ou en certames de ámbito autonómico, nacional ou internacional:

Con carácter xeral non se valorarán os premios convocados en ámbitos restrinxidos.

**\* Por premios en concursos ou en certames literarios de ámbito autonómico, nacional ou internacional:**

Puntuación específica asignable aos méritos baremables por esta subepígrafe:

No caso de premios compartidos, dividirase polo nº de premiados/as (se non aparece no documento dividirase, polo menos, por catro).

PREMIOS	1º	2º	3º	Accésit
Puntuación	1	0.75	0.5	0,25

**\* Por premios en exposicións ou en concursos ou en certames artísticos:**

Puntuación específica asignable aos méritos baremables por esta subepígrafe:

No caso de premios compartidos, dividirase polo número de premiados/as (se non aparece no documento dividirase, polo menos, por catro).

PREMIOS	1º	2º	3º	Accésit
Internacionais	1.5	1	0.5	0,25
Nacionais	1	0.75	0.4	0,2
Autonómicos	0.5	0.25	0.10	0,05
Locais	0.25	0.15	0.05	0,025

Para a valoración destes premios artísticos e literarios

deberanse presentar os documentos xustificativos coas esixencias que así se indican a continuación:

Orixinal ou copia cotexada do certificado da entidade que emite o premio, onde conste o nome do premiado/s, o seu ámbito e a categoría do premio.

- Por composicións estreadas como autor/a ou gravacións con depósito legal:

Puntuación específica asignable aos méritos baremables por esta epígrafe:

Cando unha obra é puntuada como composición non pode ser valorada como gravación. Si é compatible a puntuación de intérprete e autor/a.

Para a valoración destas composicións e gravacións deberanse presentar os documentos xustificativos coas esixencias que así se indican a continuación:

No caso das composicións: orixinal ou copia cotexada da obra e do certificado ou documento en que figure que é o autor e o seu depósito legal. As alegacións valoradas por este apartado non se terán en conta na epígrafe 6.1.

No caso das gravacións: orixinal ou copia cotexada da obra e do certificado ou documento acreditativo en que figure que é o autor/a ou intérprete e o seu depósito legal.

<b>Composicións ou Gravacións:</b>	
1 autor	1
coautor	0,5
3 autores	0,4
4 autores	0,3
5 autores	0,2
Máis de 5 autores	0,1
<b>Gravacións:</b>	
1 intérprete	0,5
2 intérpetres	0,25
3 intérpetres	0,166
4 intérpetres	0,125
5 intérpetres	0,1
Máis de 5 intérpetres	0.05

**- Concertos como director/a, solista, solista na orquestra ou en agrupacións camerísticas (dúos, tríos, cuartetos,....)**

Puntuación específica asignable aos méritos baremables por esta epígrafe:

A: Primeira Categoría: Concerto de importancia **internacional**

B: Segunda Categoría: Importancia **nacional**

C: Terceira Categoría: importancia **autonómica**.

A puntuación dividirase polo número de directores/as e solistas.

Para a valoración destes concertos ou obras deberán-se presentar os documentos xustificativos coas esixencias que así se indican a continuación:

No caso dos concertos: orixinal ou copia cotexada dos programas onde conste a participación do interesado e da certificación da entidade organizadora, onde conste a realización do concerto e a participación como director/a, solista ou solista con orquestra/

grupo.

No caso das obras: orixinal ou copia cotexada dos programas onde conste a participación do interesado/a e da certificación da entidade organizadora, onde conste a realización da obra e a participación como protagonista, actor/actriz secundario/a ou actor/a de reparto/figuración.

A / B / C	Director/a, solista, compositor/a. Protagonista	Participante en grupos de cámara ou similar (< 15 compoñentes). Actor/actriz secundario/a	Integrante de orquestras, bandas, coros, non de cámara. Actor/actriz de reparto / figuración
Repertorio sinfónica: coro, orquestra, banda. Obra de teatro de gran formato, zarzuela (>1,5 H de duración)	1 / 0.5 / 0.25	0.5 / 0.25 / 0.1	0.25 / 0.1 / 0.05
Outros xéneros: (flamenco, jazz, etc.) Pezas breves (0,5-1H)	0.5 / 0.25 / 0.1	0.25 / 0.1 / 0.05	0.1 / 0.05 / 0.025
Música lixeira, rock, etc. Lectura dramatizada, recital de poemas, etc.	0.25 / 0.1 / 0.05	0.1 / 0.05 / 0.025	0.05 / 0.025 / 0.01

**- Por exposicións individuais ou colectivas:**

Puntuación específica asignable aos méritos baremables por esta epígrafe:

Para a valoración destas exposicións deberánse presentar os documentos xustificativos coas esixencias que así se indican a continuación:

Orixinal ou copia cotexada do programa de man e certificación da galería/institución (museos, fundacións, administracións). Nos concursos, orixinal ou copia cotexada do certificado onde se especifique a concesión do mesmo.

Exposición individual:	0.5
Exposición de obra seleccionada en concursos (CERTIFICACIÓN):	
▪ Internacionais:	0.5
▪ Nacionais:	0.25
▪ Autonómicas:	0.125
Esta puntuación é incompatible con premios en exposicións.	
Exposición colectiva: = 0.5/ Nº de artistas Mínimo: 0.025	

**Os nosos locais**

**Santiago (Local Nacional)**

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.  
Santiago de Compostela. cp.15706.  
Tlf. 981576800 Fax. 981575839  
santiago@cig-ensino.gal

**A Coruña**

Rúa Alfonso Molina s/n  
Tlf. 981169810 Fax. 981291735  
15007. A Coruña  
acorunha@cig-ensino.com

**Baixo Miño**

Praza da Guía 3, baixo  
36780. A Guarda  
Tlf. 986610465 Fax. 986610465  
baixominho@cig-ensino.gal

**Morrazo**

Rúa Atranco 19A, ench. 1  
36947. Cangas  
Tlf. 986302987 Fax. 986302987  
morrazo@cig-ensino.gal

**Ferrol**

Rúa Eduardo Pondal 41-43,  
15403. Ferrol  
Tlf. 981358750 Fax. 981358750  
ferrol@cig-ensino.gal

**Lugo**

Rda da Muralla 58, bxo.  
27003. Lugo  
Tlf. 982245023 Fax. 982253891  
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

**Ourense**

P. de San Lázaro 12, 4º  
32003. Ourense  
Tlf. 988238350 Fax. 988222855  
ourense@cig-ensino.gal

**Pontevedra**

R. Pasertería 1, 2ºesq.  
36002. Pontevedra  
Tlf. 986861513 Fax. 986855050  
pontevedra@cig-ensino.gal

**A Mariña**

27700. Ribadeo  
Avda de Galicia 20, 1º  
Tlf. 982129593 Fax. 982129593  
amarinha@cig-ensino.gal

**Val de Monterrei**

R. Pedro González 5, 1º  
32600. Verín  
Tlf. 988412345 Fax. 988411013  
verin@cig-ensino.gal

**Vigo**

R. Gregório Espino 47, bxo.  
36205. Vigo  
Tlf. 986827935 Fax. 986262844  
vigo@cig-ensino.gal

**Salnés**

R. Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600. Vilagarcía  
Tlf. 986505323 Fax. 986505323  
salnes@cig-ensino.gal